

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2023

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo o dez horas do día dezasete de xuño de dous mil vintetrés, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria constitutiva do pleno baixo a presidencia da Mesa de idade, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

ASISTENTES:

Sres Concelleiros:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)
Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE)
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
José Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE)
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Samuel Márquez Sánchez (PP)

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- FORMACION DA MESA DE IDADE

Declarada aberta a sesión , pola sra.Secretaria dáse lectura á acta de proclamación remitida pola Xunta electoral de zona de Betanzos e do artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985,

de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e atendendo ao disposto neles procédese a constituir a Mesa de Idade.

Artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime Electoral Xeral

1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se tivera presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuio suposto se constitúen ou cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes non acto, actuando como Secretario o que o sexa dá Corporación.

3. A Mesa compraba as credenciais presentadas, ou acreditacións dá personalidade dous electos con base ás certificacións que ou Concello remitira a Xunta Electoral de Zoa

4. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dúas Concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora ou número de concelleiros presentes.

Para iso, a Sra. Secretaria chama aos Concelleiros electos de maior e menor idade, aos efectos de acreditar a súa personalidade.

A Mesa de Idade queda integrada por D. Magín Freire Fidalgo ,concelleiro electo de maior idade, que a preside, e por D. Samuel Márquez Santos, Concelleiro electo de menor idade como vocal, realizando as funcións de Secretaria, a que o é da Corporación, D^a Alejandra D. Fandiño Sánchez.

SEGUNDO.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS, XURAMENTO OU PROMESA DOS SEÑORES

CONCELLEIROS E DE DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

Sr. Magín Freire Fidalgo , como presidente da mesa de idade intervén sinalando: Bo día a todos iniciamos a sesión constitutiva da corporación do Concello de Sobrado.

Consonte ao disposto no art. 195 da LOREX Sra. Secretaria informe se se cumpre o quórum necesario para a celebración da sesión plenaria e tamén se se recibiron as credenciais dos Sres Concelleiros electos.

Por parte da Sra. Secretaria infórmase afirmativamente.

O presidente da mesa de idade, indica a continuación que procederemos a dala toma de posesión os concelleiros electos.

Formularei o xuramento ou promesa e cada un dos concelleiros serán chamados para contestar :

¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONRA CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO/A CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN, COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?

1	Sr. Lisardo Santos Ares,	Sí, prometo
2	Sr. Magin Freire Fidalgo,	Sí, xuro
3	Sr. Juan Vicente Aller Penar,	Sí, prometo
4	Sr. Alfonso Ríos Santos,	Sí,promet o
5	Sr. Miguel Combo Aller	Sí, prometo
6	Sr. José Antonio Veiga Sánchez,	Sí, prometo
7	Sr. José Luis Rodríguez Ares	Sí,

		prometo
8	Sr. Ángel Manuel Vázquez Bugallo	Sí, prometo
9	Sr. Samuel Márquez Santos	Sí, xuro

Rematado o xuramento declaro constituída a corporación,
se alguén quere pode aplaudir.
(aplausos)

TERCEIRO.-ELECCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN.

O presidente da mesa de idade informa de que a
continuación procederase a elección do alcalde

Sres. concelleiros cabeza de lista ¿teñen intención de
presentar a súa candidatura?.

Sr. Santos Ares, sí
Sr Márquez Santos, sí.

O presidente da mesa de idade continúa indicando que
preséntanse candidatos o Sr. Lisardo Santos Ares e o Sr.
Samuel Márquez Santos.

A continuación iniciáase a votación ordinaria:

a) Votos a favor da candidatura de Lisardo Santos Ares,
votan a favor 8: Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE),
Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas
(PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Ángel
Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller
(PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) e
José Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE),

b) Votos a favor da candidatura de Samuel Márquez Santos,
votan a favor 1: Samuel Márquez Santos (PP)

O presidente da mesa de idade sinala que consonte ao disposto no artigo 196 da Lorex, por maioría absoluta dos votos, queda proclamado alcalde Luis Lisardo Santos Ares.
(aplausos)

A continuación procede a dala toma de posesión ao Sr. Luis Lisardo Santos Ares como Alcalde.

Sr. Santos Ares ¿acepta o cargo de alcalde do Concello de Sobrado?

Sr. Santos Ares, sí acepto.

O presidente da mesa procede a toma de promesa ou xuramento do cargo de alcalde. sr. Santos Ares, ¿xuras ou prometes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de alcalde, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do estado?.

Sr. Santos Ares contesta, sí xuro.

A continuación o presidente da mesa de idade pide ao Sr Alcalde que ocupe a presidencia do pleno e lle fai entrega do bastón de mando.
(Aplausos)

O sr. alcalde lle da a palabra a Samuel Márquez Santos que lle dexa sorte para estos catro anos e que siga traballando polo ben do pobo.
(aplausos).

CUARTO .DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TESOURERÍA E DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA CORPORACIÓN

Finalmente, o sr. alcalde sinala que dase cumprimento ao sinalado no artigo 36.2º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

formulando Acta de Arqueo con existencias en Caixa e Entidades Financeiras a 16 de xuño de 2023:

Estado da tesourería a 16/06/2023:

-Abanca: 663.760,81 euros.

-Banco Santander: 1.957,04 euros.

Total: 665.717,85 euros.

Asemade, ponse a disposición dos señores concelleiros a documentación relativa ao Inventario do Patrimonio do Concello, a última actualización se realizou polo pleno o 11 de marzo de 1978 e na actualidade se está a elaborar un inventario novo pola Excmá Deputación Provincial de A Coruña.

Por último, a secretaria lembra ós señores concelleiros que os membros das Corporacións Locais a efectos da súa actuación corporativa constituiranse en grupos. Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ó presidente e suscrito por todos os seus integrantes que se presentará na secretaría xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de voceiro de grupo podendo designarse tamén suplentes.

Asimismo informar que o artigo 74 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia dispón:

Artigo 74. 1. Os Concelleiros, para os efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na corporación.

2. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.

3. Ninguén pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

4. Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.

No caso de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano. 5. Durante o mandato da Corporación, ningún membro da mesma poderá integrarse nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente”.

O alcalde dirixe unhas palabras aos concelleiros e público presente indicando:

“Señores concelleiros , veciños e veciñas:

È para mi unha honra tomar posesión de novo como Alcalde.È unha honra pero tamén unha grande responsabilidade , máis aínda cando a decisión dos veciños foi clara, outorgando unha abultada maioría á opción política que nós representamos.

Este feito e a alta participación é unha boa noticia. Significa , nin máis nin menos, que os veciños implicáronse na xestión dos asuntos municipais e ademáis pensan no futuro do noso pobo.

Por outra banda, estes resultados viñeron a validar, a dar un sí rotundo ás políticas e accións de goberno.

Decía un dos pais da nación norteamericana que a Democracia é o goberno do pobo, polo pobo e para o pobo. Esta reflexión ven recollida no Título Preliminar da nosa Constitución, onde afirma que a soberanía nacional reside

no pobo español do que emanan todos os poderes do Estado.

En consecuencia, os veciños son os que dan e quitan razóns e as súas decisións son inapelables.

A os funcionarios e a todo o persoal municipal, porque con independencia da súa ideoloxía persoal, serviron con obxectividade aos intereses xerais dos veciños.

Felicidades aos concelleiros, tanto aos do equipo de goberno , pois co seu voto fixeron posible a miña elección como Alcalde, como á oposición, porque é tarefa honrosa como a de gobernar.

Estamos sempre dispostos a chegar a acordos en todos aqueles asuntos que beneficien aos nosos veciños.

Estou convencido que todos estamos unidos polo mesmo afán que non é outro que Sobrado siga avanzando pola senda do progreso e da xustiza social.

Convido a todos a seguir traballando por e para os nosos veciños porque Sobrado está por encima dos intereses partidistas.

Primeiro Sobrado!!!! E nos vindeiros catro anos vou poñer niso o meu empeño e dedicarei o meu esforzo para conseguir que Sobrado sexa e siga sendo un exemplo de convivencia , equidade e progreso.

Concelleiros, veciños e veciñas, amigos e amigas, moitas gracias e que disfrutedes deste día."

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, o alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE
